

PROTOCOLO DE ENTRADA E PARTICIPACIÓN



1.- MECANISMO DE ENTRADA E PARTICIPACIÓN:

1.1.- **Entrada en Ourense en Común:** Será libre e sen vetos para toda persoa física, maior de 16 anos, que non teña limitada nin restrinxida a súa capacidade de obrar e que de forma individual e voluntaria manfeste a súa intención de colaborar e participar de forma activa na organización, sexa cal sexa a súa nacionalidade e situación administrativa en relación coa actual lei de estranxeiría, a súa situación laboral ou de calquera outra índole, ou crenzas relixiosas.

As persoas participantes **asumirán todos os documentos constituíntes de Ourense en Común**, así como a aceptación das normas, principios de funcionamento e cantos acordos sexan acadados nas Asembleas en Común.

Proporcionaranse cantas **ferramentas sexan necesarias para a participación daquelas integrantes que non residan en Ourense**, co obxectivo de garantir que as súas opinións sexan escoitadas e tomadas en consideración.

1.2.- **Formas de participación:** Cada participante adquire un compromiso de actividade axustado á súa vontade, ás súas posibilidades e á súa dispoñibilidade, distinguíndose segundo o grao de implicación no proceso da seguinte forma:

- **Simpatizantes:** Aquelas persoas afíns aos principios e filosofía de OUeC, con acceso ou non ás diferentes ferramentas de comunicación, que non teñan unha participación directa nos diferentes GTs derivados do documento de Estrutura Organizativa de Ourense en Común. Poderán asistir ás Asembleas en Común con voz pero sen voto agás nos supostos contemplados no Regulamento Asembleario de Ourense en Común.

- **Integrantes¹:** Aquelas persoas que habendo asinado a carta de compromiso teñan asistido cando menos a tres Asembleas en Común Ordinarias e/ou as diferentes participantes activas² dos GTs derivados do documento de Estrutura Organizativa de Ourense en Común. Poderán asistir ás Asembleas en Común con voz e con voto.

¹ Adquiren esta condición por defecto todas as persoas incluídas na base de datos do GT Coordinación a día 15 de xaneiro de 2017.

² Enténdese como persoa activa aquela que participe nun GT de forma recorrente, física ou de modo telemático, cando menos os dous meses anteriores a súa primeira Asemblea en Común, tomando como referencia a data de sinatura da carta de compromiso.

- **Colaborador/a:** Persoa que colabora ou asesora de xeito externo prestando servizos a OUEC sen ter a categoría de integrante.

1.3.- **Proceso de integración e acompañamento:** Para que a incorporación ao proceso sexa progresiva, e co obxectivo de favorecer que sexa fluída e de garantir a confianza e fortalecer os lazos propicios entre as persoas que están e as que se incorporan, estas serán acompañadas nun primeiro momento por unha persoa designada polo GT de Apertura de modo que se posibilite a transmisión da información do traballo xa desenvolto, os acordos xa tomados e os documentos que deba ler para unha axeitada incorporación a un proceso xa en marcha. A súa adscrición a un GT definido derivará do seu propio interese en participar e concorde coas expectativas e as funcións que pretende desenvolver dentro de Ourense en Común así como nas necesidades avaliadas polo grupo de Coordinación en común acordo co GT correspondente. O proceso de acompañamento durará ata que así o consideren acompañante e acompañada.

2.- COMPROMISOS PARA A PARTICIPACIÓN EN OURENSE EN COMÚN:

2.1.- **Causas de exclusión ou non participación:** Non se permitirá a participación dentro do proceso daquelas persoas imputadas, investigadas segundo a terminoloxía presente, nun procedemento por delitos de branqueo de capitais, delitos contra a Facenda Pública, contra a Seguridade Social, contra a Administración Pública, contra a Administración de Xustiza, contra os dereitos dos traballadores e aqueles relacionados coa violencia de xénero, maltrato animal, contra o patrimonio, aqueles que atenten contra os dereitos humanos ou calquera outro delito que a Asemblea considere suficientemente grave.

Considérase motivo de non participación en OUEC o feito de estar imputado (agora investigado) e/ou ser condenado por un delito namentres non se finalice o prazo de cumprimento da pena ou sentenza.

Unha vez sobresido o procedemento con respecto a persoa imputada ou finalizado o mesmo con sentenza absolutoria, restituírase dentro de Ourense en Común, se así o desexase, coas mesmas funcións e no mesmo punto de implantación no que se atopase de estar xa participando, e permitírase o seu acceso no caso de que aínda non formase parte.

En caso de incorrer nalgunha destas situacións, estas serán levadas diante da Comisión de Garantías Éticas, que fará unha proposta de resolución diante da Asemblea en Común.

O previsto neste punto estenderase a aqueles casos nos que, sen existir imputación, e dada a gravidade e/ou natureza dos feitos, a Asemblea así o decida.

O proceso de expulsión regularase no cuarto apartado do Código de Ética Política, referido ás Garantías Éticas.

3.2.- **Exención motivada:** Excepcionalmente permitírase que un integrante de Ourense en Común poida seguir participando sempre que a Asemblea entenda, dun xeito motivado, que dita imputación tivo lugar polo exercicio da actividade propia dentro de Ourense en Común ou en defensa dos seus principios e obxectivos.

3.- MECANISMO DE CONTROL DA PARTICIPACIÓN:

Para calquera incumprimento do establecido no presente protocolo de participación aplicarase o mecanismo descrito no cuarto punto do Código de Ética Política, referido ás Garantías Éticas.

CARTA DE COMPROMISO COMO INTEGRANTE DE OURENSE EN COMÚN

....., con DNI nº..... e residencia en.....

DECLARO que en plenitude de facultades e sen que medie ningunha coacción por parte de terceiros, por medio da sinatura da presente carta e en relación á miña condición de integrante de Ourense en Común e ás prácticas que realice como tal,

COMPROMÉTOME AO SEGUINTE

- Actuar sempre conforme aos **principios éticos e valores** que son piares deste proxecto (participación, transparencia, horizontalidade, honestidade, rendición de contas, soberanía popular, democracia participativa, confluencia, inclusión, tolerancia, xenerosidade, confianza, cooperación, apoio mutuo, solidariedade, lealdade, creatividade, adhesión individual, igualdade, autonomía, liberdade, autoxestión e aqueles expostos na "Declaración de principios"), **antepondo os intereses comúns a calquera interese persoal ou partidario**.
- **Supeditar a miña participación ao logro dos obxectivos últimos do proxecto**, de constituírse en ferramenta para re-democratizar o Concello de Ourense, fomentar o empoderamento cidadá e promover un espírito crítico e proactivo que impida que a ineficacia, o desgoberno e a corrupción se repitan de novo no futuro, promover unha vida mellor, máis xusta e digna para toda a xente da cidade de Ourense, garantindo o cumprimento dos dereitos fundamentais, a xestión eficiente dos recursos públicos e poñendo as institucións municipais ao servizo do ben común.
- Observar e **asumir en todo momento os protocolos, regulamentos, normas e códigos** que rexan en Ourense en común.
- Manter en todo momento o **respecto ás persoas**.
- Evitar intervencións e comportamentos sexistas, racistas, xenófobos, clasistas, homófobos ou que manifesten calquera outro tipo de **discriminación**.
- Actuar en todo momento de boa fe, cunha **actitude positiva e construtiva**, practicando a escoita activa de todas as opinións, o debate aberto e honesto, e a busca do consenso.
- Observar e **promover o pensamento crítico e o empoderamento das persoas**, fomentando a liberdade de acción e expresión, e evitando a creación de grupos de opinión.
- Asumir que a participación en Ourense en Común implica emprender un proceso de **aprendizaxe persoal**, no que a busca da transformación social pasa pola propia transformación individual.
- Velar para que a **participación en Ourense en Común sexa libre, voluntaria e aberta** a todas as persoas que cumpran con estes compromisos.
- Defender a aplicación da **Declaración Universal dos Dereitos Humanos** nos ámbitos social, político e institucional da nosa sociedade.
- **Renunciar a miña participación** en Ourense en Común ante o incumprimento, pola miña banda, dalgún destes compromisos, asumindo que é a **Asemblea en Común**, ou o órgano designado polos regulamentos vixentes, quen ten a potestade para decidir sobre este extremo.

Todo o cal subscribo e asino, para os efectos oportunos, en....., con data.....

NOME

SINATURA